

**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o oito de abril de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**15/221 CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ÁREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDÍN DE CATAŞOL NA CIDADE DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 19 de marzo de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

- I. Prego de condicións técnicas para o acondicionamento da área de xogos existente no xardín de Cataşol elaborado polo Técnico de Parques e Xardíns.
- II. Certificado de existencia de consignación na aplicación 17100.61900 do vixente Orzamento de 2014 para o importe de 36.000 euros (C.P. 14RTSP04; RC 46616)
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación do servizo de referencia e correspondente informe proposta elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello en data 12 de decembro de 2014
- IV. Informe da Asesoría Xurídica do 17 de decembro de 2014
- V. Certificación de existencia de crédito do 13 de marzo de 2015 na aplicación orzamentaria 17100.61900 (CP 14RTSP04; RCREM20326)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** Este contrato pode ser cualificado como un contrato mixto de servizo e subministración, recollido e regulado no artigo 12 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e que ten por obxecto a realización do acondicionamento da área de xogos existente no Xardín de Catasol na cidade de Lugo, todo iso de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo Técnico municipal de Parques e Xardíns. Este acondicionamento consiste na realización, entre outros, de traballos de retirada de area, repintado, reparación e acondicionamento dos xogos e bancos existentes que pode cualificarse como un servizo e por outra banda a instalación e colocación e valado perimetral e pavimento amortecedor que pode considerarse unha subministración. Así mesmo, dentro deste contrato inclúese o mantemento e conservación integral dos xogos.

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico que neste caso é o servizo (artigo 12 TRLCSP)

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola Lei a súa totalidade matemáticos.

**Terceira.-** Dado que o expediente de contratación non foi aprobado no exercicio 2014 foi necesario actualizar os importes das retención de créditos para a súa aprobación con cargo ó exercicio municipal 2015. Así foi emitida nova certificación de existencia de crédito con data 13 de marzo de 2015 polo que procede modificar a cláusula terceira dos pregos de cláusulas administrativas.

**Cuarta.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio

Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Desenvolvemento Local (GMS),  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ÁREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDÍN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO.

**SEGUNDO.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e as condicións técnicas que rexerán na licitación de referencia que, elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:


**A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO.**

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto deste contrato é a realización do acondicionamento da área de xogos existente no Xardin de Catasol na cidade de Lugo , todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo técnico municipal de parques e xardins  
CPV.- 88610---50870000-4 .... Servizos de reparacion e mantemento de equipos de terreos de xogo.

**SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.**

Trátase dun contrato mixto de servizo e subministración, recollido e regulado no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que ten por obxecto a realización do acondicionamento da área de xogos existente no Xardin de Catasol na cidade de Lugo , todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo técnico municipal de parques e xardins. Este acondicionamento consiste na realización, entre outros, de traballos de retirada de area, repintado, reparación e acondicionamento dos xogos e bancos existentes que pode calificarse como un servizo e por outra banda a instalación e colocación e valado perimetral e



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

pavimento amortiguador que pode considerarse unha subministración. Asimesmo dentro deste contrato inclúese o mantemento e conservación integral dos xogos.

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é o servizo (artigo 12 TRLCSP)

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

### TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de execucion das tarefas de acondicionamento da área de xogos será de TRES MESES dende a formalización do contrato. Non obstante o contrato rematará cando finalice o prazo mínimo ou ofertado do mantemento e conservación integral dos xogos.

### CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1.- O prezo máximo para a primeira anualidade ascende a 29.752,07 euros máis o 21% de IVE ( 6.247,93 euros) resultando un total anual de 36.000 € IVE incluído Polo tanto, o valor estimado deste contrato ascende a 29.752,07 euros.

2.- Faise contar a existencia de crédito suficiente na aplicación 17100.61900 do vixente orzamento xeral por importe de 36.000 euros ( RCREM 20326; C.P 14RTSP04)

Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o

cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servicios, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

#### **QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**

O presente contrato adxudicarase polo **procedemento aberto** previsto e regulado polos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións **as unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuira a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

#### **SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A **solvencia técnica** deberá ser xustificada de xeito obrigatorio polos medios seguintes:

1º.- Relación dos principais servizos ou traballos similares ós deste contrato por un importe mínimo global de **70.000 euros** IVE incluído, nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

**SÉTIMA. GARANTÍAS.**

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de debida pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

**OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))

O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - Documentación administrativa e letra B Oferta económica e técnica.

Para facilitar o rexistro das plicas presentadas polas empresas licitadores, nos ditos sobres A e B identificarase de modo claro a REFERENCIA DO EXPEDIENTE que coincidirá co número do acordo da Xunta de Goberno Local ou do órgano municipal que aprobe o expediente de contratación e que se indicará no anuncio de licitación e no perfil do contratante

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día ao número de fax indicado no anuncio de licitación (982 297259). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

#### **DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA . OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA**

**O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA** - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

**2.- Acreditativos da extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

**3.- Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

**4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto



**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia** agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable ( conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

**6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

a participacion de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de cotrnatos suxeitos a regulación harmonizada en relacion coas emrpesas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

**DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE nos apartados 1 a 6 DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS**

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.**

**O sobre B, OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA** conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI nº ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATAÇÃO DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO**

b) Propón como **prezo** :

- Prezo sen IVA.....euros

- IVA ( 21%).....euros

- Prezo total.....euros

c) Oferta un **incremento do prazo de mantemento** de ..... anos a maiores do mínimo de tres esixido nos pregos co compromiso da realización durante o prazo ofertado dos traballos esixidos no prego técnico.

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

**Dentro deste sobre B os licitadores presentarán as súas propostas co nivel de definición esixido no apartado 6 do prego de condicións técnicas.**

**A falta de presentación desta documentación dará lugar á exclusión do procedemento de licitación.**

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.**

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado da área de medio ambiente e zona rural.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das ofertas económicas e técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.**

#### **DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION**

Os criterios para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes:

##### **1. OFERTA ECONÓMICA (Ata 6 puntos)**

Obterá a máxima puntuación ( 6 puntos) neste apartado a proposición do licitador que oferte o prezo mais baixo. Obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prezo de licitación e o resto valoraranse de xeito proporcional.

##### **2.- INCREMENTO DO PRAZO DE MANTEMENTO (ata 4 puntos)**

Obterá a máxima puntuación ( 4 puntos) os que oferten o maior prazo de incremento sobre o mínimo. Obterán 0 puntos os que non oferten prazo de incremento algún e as demais de xeito proporcional.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

Durante o prazo ofertado a maiores os licitadores asumirán tódalas obrigas de mantemento e conservación integral esixidas no prego de prescripcóns técnicas.

**DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN**

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de negociación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de déz días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións en vigor acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

**De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación sinalada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima destes pregos dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.**

**De non cumplimentarse axeitadamente este requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.**

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

**DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

#### DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato ( o técnico municipal de parques e xardíns) da información o cal terá as facultades sinaladas no artigo 42 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores. En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo

- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais

- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo se é o caso o oportuno expediente sancionados ou de resolución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixianza do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguemento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estricto ás instrucións e ordes dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia .

É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

5.- Antes da recepción e recibimento dos traballos por parte do concello é obrigatorio por parte do adxudicatario a aportación da correspondente Certificación de Área de Xogos segundo Normativa Europea (Emitida por entidade ou organismo acreditados oficialmente para elo) , segundo os criterios da norma UNE-EN 1176, UNE-EN 1177, UNE-EN 147101:2000 IN, UNE-EN 147102 : 2000 IN, UNE-EN 147103:2000 IN ) conforme á cal cada área de xogo cumpre coa normativa vixente referente á seguridade tanto dos elementos de xogos, materiais auxiliares, a interrelación das partes etc., así como do pavimento de seguridade e de amortiguación (HIC).

A tipoloxía dos carteis deberá cumprir a norma UNE 170002:2009 de requisitos de accesibilidade para a rotulación, aspecto especialmente importante nas indicacións de uso das instalacións para persoas maiores.

Establecese un **prazo mínimo de garantía de TRES anos contados a partir da data de recepción dos traballos**. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituír , corrixir ou reparar as pezas ou elementos que presenten defectos de fabricación, instalación ou funcionamento. Asimesmo durante este prazo de tres anos ou o ofertado a maiores o contratista está obrigado a realizar un plan de mantemento e conservación integral conforme o apartado 5 do prego de condicións técnicas.

**Non procederá a devolución da garantía definitiva ata a terminación total do contrato incluído o prazo de mantemento e conservación obrigatorio ou o ofertado.**

### DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

### DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

- Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución do contrato. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente,

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Calquera incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula que supoña un dano ou perxuízo ó Concello de Lugo deberá ser compensado polo contratista sen perxuízo da resolución do contrato.

### **DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, a póliza do seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo así como unha póliza de seguro antivandálico que inclúa cobertura de actos vandálicos suficiente e necesaria para cubrir os danos, perxuízos, incidencias ou continxencias que se poidan producir na área de xogos como consecuencia de actos de vandalismo durante o contrato.

Xunto coa póliza achegarase xustificante do pagamento da prima correspondente

Estas pólizas deberán estar vixentes durante todo a duración do contrato debendo acreditarse anualmente ante o responsable do contrato a vixencia das ditas pólizas e o pagamento da prima

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

### **DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.**

O pagamento efectuarase contra factura unha vez asinada realizdos os traballos de acondicionamento da área de xogos e efectuados os controles regulamentarios



correspondentes e conformadas polo técnico de parques e xardíns do Concello de Lugo, o Concelleiro Delegado da área de medio ambiente e zona rural así como pola Concelleira Delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación. Do resto dos traballos de mantemento e conservación responderá a garantía definitiva.

Para proceder ó pagamento da factura correspondentes esta deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo. Unha vez aprobadas polo órgano competente serán abonadas no prazo máximo de trinta días.

O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico- financeiro do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal

#### VIXÉSIMA.- PENALIDADES

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incurra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das obrigas contractuais esenciais.**

O incumprimento das obrigas establecidas na **cláusula décimo sétima que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminación do contrato.

b) **Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.**

O órgano de contratación poderá impoñer penalidades ó contratista polo incumprimento das condicións establecidas nos prego de condicións técnicas e/ou prego de cláusulas administrativas así como das condicións ofertadas

Poderá impoñer asimesmo penalidades pola reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Como regra xeral, a contía destas penalidades será un 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos. As penalidades faranse

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adjudicatario das obrigas establecidas no prego de condicións técnicas para a prestación deste servizo ou das ofertadas.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

**VIXESIMA SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS**

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

**A N E X O**

**DATOS:**

<b>EMPRESA:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			

TELÉFONO:		FAX.:	
-----------	--	-------	--

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

1º <input type="checkbox"/> <b>CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b>			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º  **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

\* Xuntar a acta de Constitución.

3º  **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL**

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores ..... ( indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

- 1. ....
- 2. ....
- 3. ....

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data ....., mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En ....., a ..... de ..... de 2014  
Asdo:

**ANEXO III**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE ( só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO** declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de

Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

#### ANEXO IV

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

**\* Esta declaración sustituye a presentación da documentación relacionada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima destes pregos.**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de

participar na **CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO** declaro baixo a **miña responsabilidade:**

Que o asistente desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne todos os requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....  
(Lugar, data e sinatura do licitador)”

**B) “PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER NO CONCURSO PARA O ACONDICIONAMENTO DA ÁREA DE XOGOS EXISTENTE NO XARDÍN DO CATASOL, NA CIDADE DE LUGO**

**1. - OBXECTO DO CONCURSO**

O obxecto do concurso é a contratación para a execución do acondicionamento da área para eliminar o areado do chan e dotalo dun pavimento amortecedor de seguridade (poliuretano expandido ou similar) con xeotéxtil e céspede artificial antielectrostático, así como da instalación de 20 m de valado perimetral regulamentario, cartel indicativo, bordo perimetral de remate do céspede e o repintado dos xogos e dos bancos existentes.

**2.- ALCANCE DO ACONDICIONAMENTO DA ÁREA DE XOGOS EXISTENTE NO CATASOL**

O acondicionamento da área de xogos implica levar a cabo o que segue por conta do adxudicatario:

- a.- Retirada da area existente, nivelado, estabilizado e compactado do terreo de asento, incluída a achega do material granular que sexa necesario para regularizar o terreo de asento.
  - b.- Repintado, reparación e acondicionamento dos xogos e dos bancos existentes.
  - c.- Instalación e colocación de 20 m de valado perimetral regulamentario, cartel indicativo modelo Concello de Lugo e instalación do pavimento amortecedor de seguridade, composto por pranchas de poliuretano expandido ou similar, xeotéxtil e céspede artificial antielectrostático co seu respectivo bordo perimetral de remate de céspede.
  - d.- Certificación da área de xogos infantil incluído o pavimento acerca do seu cumprimento coas normativas europeas UNE-EN 1176 e UNE-EN 1177 así como coas normativas autonómicas e locais referentes á seguridade das áreas de xogos infantís, realizada por entidade oficial e legalmente autorizada e con capacidade legal para emitir a dita certificación.
- Acompáñase documentación gráfica do lugar de localización da área de xogos obxecto de intervención.

### **3.- CONDICIÓNS DO CHAN OU DO PAVIMENTO AMORTECEDOR DE SEGURIDADE**

Basicamente, o solo de asento consiste –logo da retirada da area existente– na realización dunha explanada de regularización granular debidamente compactada, sobre a cal se colocará o pro-play ou o poliuretano expandido amortecedor en toda a área dos xogos e co espesor necesario para cumprir co HIC nas áreas de seguridade dos xogos que compoñen a actual área infantil, e por último sobre toda a superficie dos xogos colocárase o céspede artificial que obrigatoriamente será antielectrostático e lastrado con area, co seu xeotéxtil correspondente. Terase que garantir a drenaxe da área, co obxecto de que non se produzan encharcamentos polas augas pluviais e o HIC.

### **4.- CONTIDO DAS PROPOSTAS**

As propostas para presentar contemplarán como mínimo a realización dos traballos seguintes:

- a.- Instalación e montaxe de xogos infantís conforme ás actuais normativas de seguridade vixentes, cos seus correspondentes valados regulamentarios de seguridade, portas de acceso, cartel indicativo, solo ou pavimento de seguridade, xeotéxtil, céspede artificial antielectrostático e certificación da área de xogos incluído o chan ou pavimento da devandita área.
- b.- Repintado, reparación, acondicionamento e reinstalación dos xogos e de bancos existentes.
- c.- Plan do mantemento e conservación integral dos xogos (materiais e man de obra) que, como mínimo, será por tres anos.
- d.- Ao propio tempo é obrigatoria por parte da empresa que resulte adjudicataria a posesión ou tenza dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e dun seguro antivandálico, que cubra a totalidade da área dos xogos para

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160150221

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

instalar e para reinstalar, e durante o período de tempo ofertado (mínimo tres anos) para o mantemento da devandita área de xogos.

### 5.- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL

O mantemento e conservación dos xogos, pavimento, valados e carteis será obrigatoriamente integral (materiais e man de obra incluídos) e con cargo ao adjudicatario sen ningún custo para o Concello por un prazo mínimo de tres anos, e establécese, como mínimo, o período de dúas veces por semana para cada unha das inspeccións oculares, funcionais e anuais durante un mínimo de tres anos.

### 6.- NIVEL DE DEFINIÇÃO DAS PROPOSTAS

Planos en planta a escala non inferior a 1:200 da solución ou solucións adoptadas para a devandita área de xogo, coa súa correspondente distribución detallada e superficie dos xogos infantís, pavimento amortecedor, xeotéxtil, céspede artificial (antielectrostático), cartel indicativo, valado, etc. A oferta económica obrigatoriamente hase de detallar por partidas coas súas correspondentes unidades de obra e prezos unitarios de: m<sup>2</sup> de céspede artificial (antielectrostático), m<sup>2</sup> de pro-play ou poliuretano expandido, m<sup>2</sup> de xeotéxtil, m<sup>2</sup> de retirada do material (area) existente, m<sup>2</sup> de explanación e compactación con achega granular para formación do solo de asento, m de valado perimetral, repintado, reparación, acondicionamento e reinstalación dos xogos e dos bancos existentes, cartel indicativo, certificación da área de xogos, etc.).

### 7.- LOCALIZACIÓN DA ZONA OBXECTO DO CONCURSO

Acompáñase documentación gráfica do lugar de colocación.

### 8.- PRAZO DE ENTREGA E EXECUCIÓN

O prazo de entrega e de funcionamento será como máximo de TRES meses.

### 9.- PRESUPOSTO

Este presuposto ascende, con todos os gastos, transporte, instalación, certificados, etc., e IVE incluídos, á contía máxima de 36.000 €.

### 10.- RECEPCIÓN DAS ÁREAS DE XOGO

Antes da recepción e recibimento das obras por parte do Concello, é obrigatorio que o adjudicatario achegue a correspondente certificación da área de xogos segundo a normativa europea (emitida por entidade ou organismo acreditados oficialmente para iso), segundo os criterios da norma UNE-EN 1176, UNE-EN 1177, UNE-EN 147101:2000 IN, UNE-EN 147102: 2000 IN, UNE-EN 147103:2000 IN) conforme á cal cada área de xogo (xogos infantís e circuíto) cumpre coa normativa vixente referente á seguridade tanto dos elementos de xogos, aparatos ou elementos, materiais auxiliares, a interrelación das partes, etc., así como do pavimento de amortecemento (HIC).

24

CSV: xl5XyrOsrHop2LJrG5RdOg==

#### SINATURAS

JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO  
MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA  
DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA

PAXINA: 24 / 25

DATAS(UTC)

16/04/2015 08:29:33

16/04/2015 08:29:32



A tipografía dos carteis deberá cumprir a norma UNE 170002:2009 de requisitos de accesibilidade para a rotulación, aspecto especialmente importante nas indicacións de uso das instalacións para as persoas maiores.

## 11. -VALORACIÓN DAS OFERTAS

### A. - OFERTA ECONÓMICA: de cero a seis puntos.

**B.- MANTEMENTO** (plan de mantemento integral-materiais e man de obra) - Só se valorarán as ofertas que superen o mínimo de tres anos de mantemento- **de cero a catro puntos.**”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 36.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 17100.61900 do vixente Orzamento xeral de 2014 (C.P. 14RTSP04; RC 46616) e comprometerse a incluír nos vindeiros orzamentos a cantidade restante ata o remate do contrato e no caso de prórroga.

CUARTO.- Aprobar a adjudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.**